



## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/20

### DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Conforme ditan as *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o Departamento de Lingua Galega e literatura reuniuse de maneira telemática o día 29 de Abril de 2020 e decidiu realizar as seguintes modificacións na súa Programación Didáctica do curso actual.

**MATERIA E CURSO:** Lingua galega e literatura 3º ESO

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

*(Estándares de aprendizaxe imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)*

No 3º trimestre como materia nova veremos os autores do XIX (Rosalía, Curros e Pondal), polo demais, só faremos actividades de reforzo do traballado nos dous primeiros trimestres. Por iso as actividades estarán encamiñadas ao desenvolvemento dos seguintes estándares de aprendizaxe imprescindibles :

- Comprende e explica a obra de Rosalía, Curros E. e E. Pondal
- Le comprensivamente textos literarios..
- Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas
- Identifica a idea principal e as secundarias
- Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto
- Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes.
- Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.
- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.



### COMPETENCIAS BÁSICAS

*(Competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)*

Competencias imprescindibles que debe desenvolver o alumnado nesta materia de lingua galega e literatura no 3º trimestre:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

### PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

#### PRESENCIAL<sup>1</sup>:

#### TELEMÁTICA:

O terceiro trimestre terá só unha avaliación positiva, na que se poderá conseguir unha cualificación máxima de 1,5 puntos, desglosada da seguinte maneira:

- Lectura e traballo escrito dunha obra literaria, enviado ao correo da profesora– 1 punto
- Resumo/esquema das obras literarias máis importantes dos autores do S. XIX, enviado tamén ao correo da profesora – 0,5 puntos.

A cualificación obtida neste 3º trimestre sumarase á media acadada nos outros dous trimestres.

### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA

*(Realízase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.)*

A cualificación obtida coas actividades do 3º trimestre (ata 1,5 puntos) sumarase á media acadada nos dous trimestres anteriores.

<sup>1</sup>No caso de que a situación sanitaria permita a realización de probas presenciais.



## ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

MATERIA E CURSO:
<p style="text-align: center;"><b>PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</b></p> <p style="text-align: center;"><i>(No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación das materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva.)</i></p>
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</b>
<b>DATAS</b>

A Capela , a 30 de abril de 2020

Viqui Salgado

Profesora de 3º de ESO